



### III ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A XESTIÓN DO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE AULAS CEMIT. CARA A PLENA CAPACITACIÓN DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA 2022-2025

#### REUNIDOS

Dunha parte, don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

E doutra parte, don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeira letra d) dos vixentes Estatutos da Federación Galega de Municipios e Provincias (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 29 de novembro de 2019.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

#### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o 1 de outubro de 2022 asinouse o Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025. Este convenio enmárcase dentro das actuacións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030.

**Segundo.-** Este Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para o desenvolvemento do Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

**Terceiro.-** Que con data 6 de outubro de 2021 a Conferencia Sectorial para a transformación dixital acorda a distribución territorial e os criterios de reparto entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla dos créditos destinados á financiación de actuacións para a adquisición de competencias dixitais pola cidadanía no marco do compoñente 19 *“Plan nacional de capacidades dixitais (digital skills)” del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia”*.





Neste acordo, sinálanse entre outros compromisos das Comunidades “a impartición de programas formativos en competencias dixitais dirixidos á cidadanía con un mínimo de 10 ECTS ou equivalente”.

En base á comunicación recibida o 21 de outubro de 2022 pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, indícase que a Comisión Europea en relación co obxectivo 288 *sobre capacitación dixital da cidadanía -formación de cidadáns en competencias dixitais-* aprecia un erro material e informase que a duración dos cursos de formación a impartir cambia de 10 ECTS a un mínimo de 7,5 horas.

**Cuarto.-** Tendo en conta o punto anterior, foi necesario adecuar o convenio á nova realidade e a estes novos criterios. O 14 de decembro 2022 asinouse a I Addenda ao mesmo na que se introducían cambios ao convenio, concretamente rebaixáronse os niveis de actividade esixidos orixinalmente ás aulas, modificouse o prazo de adhesión para as entidades locais que non contan cunha aula CeMIT, e matizouse os anexos 4 e 5 no referente ao servizo de reforma física e dotación de equipamento tecnolóxico.

**Quinto.-** Tendo en conta o novo escenario, o 26 de decembro de 2022 asinouse a II Addenda ao convenio na que se ampliaba o prazo de adhesión ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT ata o 31 de xaneiro, para que as entidades locais que dispoñan dunha aula CeMIT conten cunha marxe máis ampla para poder analizar o novo contexto e presentar, segundo o caso, a adhesión pertinente.

**Sexto.-** Segundo o exposto na táboa da cláusula terceira do convenio no referente ás entidades locais cunha aula CeMIT que non son de referencia, no punto sobre todos os servizos do Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT, estas entidades deberán comprometerse, entre outros, aos seguintes compromisos xerais:

- **Garantir un mínimo de 10 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade** por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula.
- **Garantir a dinamización da aula** coa realización de cursos, charlas etc, cun mínimo de 20 horas ao mes durante todo o ano, facilitando un plan de execución de actividades para a inclusión dixital.

**Sétimo.-** Segundo o anexo 1 apartado 2 do convenio, as entidades locais interesadas en dispor dunha nova aula CeMIT, deberán comprometerse, entre outros, aos seguintes compromisos xerais:

- c. Garantir un mínimo de 10 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade** por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula.
- d. Garantir a dinamización da aula** coa realización de cursos, charlas etc, cun mínimo de 20 horas ao mes durante todo o ano, facilitando un plan de execución de actividades para a inclusión dixital.





**Oitavo.-** Segundo o anexo 5 do convenio, as entidades locais cunha aula CeMIT non considerada de referencia, deberán comprometerse, entre outros, aos seguintes compromisos xerais:

- **Garantir un mínimo de 10 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade** por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula.
- **Garantir a dinamización da aula** coa realización de cursos, charlas etc, cun mínimo de 20 horas ao mes durante todo o ano, facilitando un plan de execución de actividades para a inclusión dixital.

**Noveno.-** Que en base á comunicación recibida o 21 de outubro de 2022 pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, na que indícase que a Comisión Europea aprecia un erro material e informase que a duración dos cursos de formación a impartir cambia de 10 ECTS a un mínimo de 7,5 horas, as partes deste convenio acordan subscribir a presente Addenda ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

Esta Addenda rexerese polas seguintes cláusulas que se expoñen a continuación, e que non causarán prexuízo a aquelas entidades locais que presentaran a solicitude de adhesión ao Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT nas condicións anteriores á presente addenda, xa que as horas indicadas nos compromisos xerais poden axudar a ditas entidades locais a acadar a condición de aula de referencia, que por outra banda, leva asociada unha subvención, que se concederá sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria para estes efectos.

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

Esta Addenda ten por obxecto modificar os compromisos xerais detallados na táboa da cláusula terceira do convenio no referente ás entidades locais cunha aula CeMIT que non son de referencia, no punto sobre todos os servizos do Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT, e nos anexos 1 apartado 2 e anexo 5 do Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.





**Segunda. Modificación da táboa da cláusula terceira do convenio no referente ás entidades locais cunha aula CeMIT que non son de referencia, no punto sobre todos os servizos do Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT**

Os parágrafos segundo e terceiro no punto referente aos compromisos xerais, quedan redactados como segue:

- **Garantir un mínimo de 5 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade** por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula.
- **Garantir a dinamización da aula** coa realización de cursos, charlas etc, cun mínimo de 5 horas ao mes durante todo o ano, facilitando un plan de execución de actividades para a inclusión dixital.

**Terceira. Modificación do anexo 1 no seu apartado 2, no referente aos compromisos xerais aos que se deberán comprometer as entidades locais interesadas en dispor dunha nova aula CeMIT**

As letras c. e d. do apartado 2 do anexo 1 quedan redactados como segue:

**2. Declaración responsable cunha serie de compromisos:**

- c. **Garantir un mínimo de 5 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade** por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula.
- d. **Garantir a dinamización da aula** coa realización de cursos, charlas etc, cun mínimo de 5 horas ao mes durante todo o ano, facilitando un plan de execución de actividades para a inclusión dixital.

**Cuarta. Modificación do anexo 5 no referente aos compromisos xerais aos que se deberán comprometer as entidades locais con aula CeMIT non considerada de referencia**

Os parágrafos segundo e terceiro no punto referente aos compromisos xerais do anexo 5, aos que se deberán comprometer as entidades locais con aula CeMIT non considerada de referencia, quedan redactados como segue:

- **Garantir un mínimo de 5 horas ao mes de apertura da aula para o uso libre do equipamento e da conectividade** por parte da cidadanía. En todo caso, recoméndase a apertura diaria da aula.
- **Garantir a dinamización da aula** coa realización de cursos, charlas etc, cun mínimo de 5 horas ao mes durante todo o ano, facilitando un plan de execución de actividades para a inclusión dixital.

**Quinta.** En todo o non novado expresamente por esta Addenda seguirá en vigor o disposto no convenio.





E en proba de conformidade as partes asinan esta Addenda no lugar e data indicados.

O presidente da Federación Galega de  
Municipios e Provincias

O director da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia

Alberto Varela Paz

Julián Cerviño Iglesia

